

## **“DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

*Por medio da presente eu, D. Antonio Pérez Rodríguez, elixido Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo por acordo do Plenario municipal de data 13/06/2015, en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Electoral, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,*

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** *Delegar no señor primeiro Tenente de Alcalde, D. Manuel López Casas, por motivos de eficacia, e co o fin de axilizar o despacho de determinados asuntos de trámite, as competencias que de seguido se relacionan:*

*\* Representar á Presidencia en todo o que se refira a trato directo co público, recibindo visitas e acollendo pedidos, así como tamén o despacho ordinario de asuntos burocráticos de trámite, resolvendo incidencias ordinarias dos servizos, atendendo transeúntes e necesitados, e igualmente a sinatura de certificados, informes e oficios dirixidos a organismos públicos e a particulares, sempre que dos mesmos non se deriven estados declarativos ou denegatorios de dereitos para os administrados.*

**SEGUNDO.** *Notificar persoalmente a presente resolución ao designado, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir o Decreto do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para su publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde.*

*Mándao e asínao o Sr. Alcalde D. Antonio Pérez Rodríguez, en Xinzo de Limia, a 13 de xuño de 2015, do que eu, como Secretaria dou fe.*

*Alcalde,  
Asdo.: Antonio Pérez Rodríguez.*

*Perante min, a Secretaria,  
Asdo.: Marta M<sup>a</sup> Gómez Ruíz.”*